



CIRCULAR 53 – 2019.

XII CAMPIONATO DE GALICIA SUB20, SUB23, ABSOLUTO E MÁSTER DE 10K RUTA.

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art. 1) A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Xinzo de Limia organizan o 12 de maio de 2019, en Xinzo de Limia o XII Campionato de Galicia sub20, sub23, absoluto e máster de 10 km Ruta. Esta proba disputarase conxuntamente coa Carreira Popular Concello de Xinzo de Limia.

Art.2) No Campionato de Galicia poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
 3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo da Asemblea os atletas estranxeiros da categoría sub20 en adiante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia

Art.3) A saída da proba terá lugar ás 10.40 horas diante do pavillón de deportes de Xinzo de Limia.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA ([hhttps://isis.rfea.es/sirfea2/](https://isis.rfea.es/sirfea2/)) **ata as 20:00 horas do martes 7 de maio do 2019.**

Art.5) Os/as tres primeiros/as atletas clasificados de cada unha das categorías recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación.



Art. 7) Os/as atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre ás 9:55 e 10:25. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

Art. 8) A organización establecerá distintos controis polo circuíto para controlar o paso dos/as participantes.

Art. 9) O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó/á xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art. 11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 17 de abril de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo